

PEZA DO MES

abril

2021



**SANTIAGO PEREGRINO DE ACIBECHÉ
AS BURGAS, OURENSE**



CASA DOS FORNOS



CAMAFEO

Santiago peregrino de acibeche. As Burgas, Ourense

«Las fuentes tan nombradas que llaman de las Burgas que son tres, que la Divina omnipotencia puso un rasgo de su esmero para fauorecer a esta ciudad y a los pobres peregrinos que pasan de romería al Apóstolo Santiago...»

Catastro de Ensenada

A representación de Santiago o Maior como peregrino xacobeo comeza a desenvolverse dende a época románica iniciando así unha nova concepción iconográfica que expresa a identificación entre a figura de Santiago e os devotos que acoden ao seu santuario. Este xeito de imaxinar o Apóstolo como compañeiro de viaxe que protexe coa súa presenza o espazo sagrado que conduce a Compostela, emerxe nun século de esplendor para o Camiño de Santiago. Representábase cunha longa túnica sobre a que leva un zurrón en bandoleira e porta nunha man o Libro das Escrituras, que o relaciona co seu papel evanxelizador. Os atributos que o caracterizan conteñen unha significación simbólica; así, o bordón no que se apoia o peregrino como se fose un terceiro pé, simboliza a Trindade, e a cuncha de vieira que decora o sombreiro é símbolo das boas obras que cada peregrino debe realizar tras a súa viaxe expiatoria ao santuario xacobeo.

A artesanía do acibeche, característica do mundo xacobeo compostelán, debe o seu éxito ás propiedades máxicas atribuídas dende antigo a este lignito compacto, de intensa cor negra que unha vez puído resulta suave ao tacto e se converte nunha xoia de elegante e misterioso brillo. Autores como Plinio ou Aristóteles gabaron as súas bondades protectoras e aínda hoxe en día, teñen grande acollida como

souvenir e amuleto as figuras de Santiago, así como cunchas de vieira, figas ou os rosarios con iconografía alusiva.

As mellores minas de onde procedía este escaso mineral eran as asturianas. O éxito desta artesanía indica o alto poder adquisitivo de moitos dos peregrinos que visitaban Compostela, xa que o prezo das pezas de calidade era elevado, tanto polo custo da pedra como pola dificultade da súa elaboración. Co decorrer do tempo, prateiros e acibecheiros uniron a súa actividade realizando colgantes ou medallas de acibeche engastado en prata.

Neste ano xacobeo 2021 queremos dedicar esta Peza do mes a unha pequena xoia atopada no corazón e xerme da cidade de Ourense, As Burgas. Á beira destas surxencias termiais atópase a Casa dos Fornos, escavada polo arqueólogo Celso Rodríguez Cao en 2005, onde descubriu que a súa planimetría se corresponde coa dun edificio terapéutico e relixioso que aproveitaba o manancial termal polas calidades minerais e caloríferas destas augas. O granito empregado na construción deste balneario procedía, probablemente, da zona de Castro de Beiro, e é o mesmo que se utilizou nunha parte da ponte romana, a Ponte Maior.

Na escavación obtivéronse fragmentos cerámicos, vidros, material de construción e un interesante conxunto de exvotos monetarios e epigráficos, dedicados estes a Reve (*Reve Anabaraego*) divindade indíxena romanizada que propicia a curación de quen usa estas piscinas termiais, o que nos fala da simbiose entre tratamento curativo e relixión. Neste mesmo espazo, en 1802, atopárase un ara dedicada ás ninfas –deusas romanas das augas– por unha muller galaica, Calpurnia Abana Aeboso, que viviu no século II d. C. na *Gallaecia* Bracarense. A expresión *ex visu* na inscrición da ara indica que esta muller obtivo a



ARA A REVE



ARA ÁS NINFAS DE CALPURNIA ABANA

curación baixo a inspiración dun soño. Este ritual, denominado *incubatio*, ten unha orixe moi antiga. Consiste en peregrinar a un santuario ou sitio sagrado e durmir alí. A divindade, neste caso as Ninfas, revelaranlle á doente, nun soño, as causas do mal e a forma de curarse por medio das augas minero-medicinais, concedéndolle a estas augas un poder curativo milagroso.

Xunto ás aras a Reve apareceu tamén un fermoso camafeo de pasta vítrea en cor branca e azul que representaba unha escena de baño da deusa Afrodita-Venus.

Tanto a piscina como as aras que decoraban o seu pórtico foron datadas polo arqueólogo director no século I d. C. deixando de funcionar o balneario no século II d. C. por terse reconvertido nun *hypocaustum* ou sala calefatada de uso doméstico. Noutra fase da escavación recuperáronse materiais correspondentes a épocas posteriores. Como sinala Rodríguez Cao, neste novo contexto aparecen abundantes restos cerámicos dos séculos XI-XIII así como o trazado dunha calzada medieval de seixos de río que amortiza as estruturas romanas. Esta calzada desemboca nun postigo, empregado polo gremio dos forneiros para poder achegarse ás augas termais cando a Porta da Burga estivese pechada. Entre as pedras que conforman a calzada, atopouse esta peza de acibeche que representa un Santiago Peregrino. O seu reducido tamaño (3,2 x 1,6 x 0,7 cm) e o feito de ter unha perforación transversal á altura da cintura indican que moi probablemente se trate dunha doa que iría ensartada nun rosario elaborado polos artesáns do

acibeche, que a partir do século XIII se establecen como gremio na rúa compostelá da Acibechería. Na Idade Media vai florecer esta profesión como resposta ás peregrinacións fabricando obxectos con este luxoso e escaso material nos que se conxuga devoción e superstición.

Os peregrinos en ruta a Santiago ou xa de volta cara aos seus lugares de orixe paraban a descansar nos balnearios medievais das Burgas para, despois de visitar na Catedral a Capela do santo Cristo, continuar á súa viaxe. Entre as rutas de peregrinación que pasan pola nosa cidade destacan as dos camiños do sueste ourensán que, procedentes de Braganza e Vinhais, pasaban por Vilardevós ou por Chaves ata Verín, e dende alí, indo por Laza, A Alberguería ou por Xinzo de Limia, chegaban a Ourense. Outra ruta sería a que viña dende Braga e pasaba por Bande e Celanova de camiño a Ourense. A partir do século XVI van ser cada vez máis numerosas as alusións ás fontes das Burgas por parte de cronistas, viaxeiros e peregrinos que chegan á nosa cidade.

Acudiron os nosos antepasados galaicos ás termas curativas invocando a Reve e pernoitar a carón das ninfas das augas orando pola sanación; chegaron xentes doutros lugares acariñando amuletos ou contando as doas dun rosario co santiño nas mans... e alí quedaron eses vestixos do noso pasado agochados pola terra e o vapor das fontes. Hoxe conviven connosco e son o noso presente, a nosa propia historia.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA